



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

ANUNCIO SOBRE Á ALEGACIÓN PRESENTADA Á NOVA VALORACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE OPERARIO DE SERVIZOS CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2005 EN EXECUCIÓN DE RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

O tribunal nomeado polo Decreto da Alcaldía núm.693/2022, do 20 de maio (BOP núm.96, 23-5-22) en sesión de data 22-6-2022 estudou ás alegacións formuladas por un aspirante do proceso selectivo para a provisión de 3 prazas de operarios de servizos da Oferta de Emprego Público do 2005, mediante escrito co núm. de rexistro de entrada 1895/2022, do 10 de xuño, e acordou responder á mesma consonte ás seguintes consideracións referidas á independencia na súa actuación e aos criterios empregados para realizar as súas funcións:

1. Este tribunal cinguese, entre outros, aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección e á independencia e discrecionalidade técnica na súa actuación, de conformidade co artigo 55 do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREEBP)

2. Ademais cumpre os requisitos de non estar integrado por persoal de elección ou designación política, funcionarios interinos ou persoal eventual, nin os seus membros ostentan a súa pertenza en representación ou por conta de ninguén, só a título individual, todo elo de conformidade co artigo 60 do TREEBP.

3. A base 5ª.6 das xerais aplicables a este proceso selectivo (BOP núm.17, do 21-1-2006 e corrección publicada no BOP núm.59, do 13-3-2006) dispón que o funcionamento do tribunal cualificador axustarase en todo momento ás bases xerais e específicas da convocatoria e que sen prexuízo do anterior queda autorizado para resolver as dúbidas que poidan suscitarse en aplicación das correspondentes bases.

4. Por outra banda o Decreto da Alcaldía núm.693/2022, do 20 de maio (BOP núm.96, 23-5-2022) e as súas correccións aprobadas polos Decretos da Alcaldía núm.724/2022, do 26 de maio, e núm.732/2022, do 27 de maio (BOP núm.103, 1-6-2022) dispuxo, entre outras cuestións, que:

- Se modificasen as bases específicas do proceso selectivo referido en orde a substituír a parte anulada polo TSXG dos apartados a), b) e c) do baremo de méritos e adecuar o número de prazas e consecuentemente postos de traballo a seleccionar(...)

- Se retrotraese o proceso selectivo ao momento da valoración de méritos co único obxecto de que o tribunal proceda a rebaremar a documentación alegada como méritos por servizos prestados das persoas aspirantes e realizar as previsións da base 8ª e concordantes das bases xerais.

- Para desenvolver a fase de méritos e actos relacionados, do proceso selectivo referido nomeou a este tribunal

En base á parte dispositiva da dita resolución, entendeu este tribunal, e así o fixo dende a súa constitución, que a súa función é desenvolver unha nova valoración de méritos no relativo aos servizos prestados alegados polas persoas aspirantes dos distintos procesos selectivos afectados, sen quedar en ningún caso vencellado polas conclusións sobre a idoneidade dos servizos prestados e polas valoracións realizadas polos tribunais constituídos no ano 2006.

5. O tribunal respecto dos servizos prestados alegados como servizos prestados polos aspirantes:

a) Estudou e comprobou as características formais dos documentos e a súa adecuación ao establecido nas bases:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

- Si son documentos orixinais, copias autenticadas ou fotocopias compulsadas.
- Si veñen acreditados en todos os seus extremos.
- Si foron presentados no prazo de presentación das instancias.

Todo isto de conformidade coa base 3ª.2.3 e 3ª.3.das xerais.

- Se os servizos prestados están acreditados mediante certificación expedida polo Secretario da Administración correspondente consonte á base 6ª.1 das específicas.

b) Estudou e comprobou si os servizos prestados debidamente alegados formalmente corresponden a un posto de igual natureza aos convocados. Para realizar a dita labor este tribunal na súa sesión de data 8-6-2022 empregou como criterio comparativo as funcións e tarefas asignadas ao posto da Relación de Postos de Traballo (RPT) denominado: operario, código 100009, que se reflicten na ficha do dito posto. Posto que corresponde ás prazas obxecto de provisión no proceso selectivo.

A RPT do Concello de Sada foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30-12-2005 (BOP núm.19, 24-1-2006), polo que estaba vixente no momento de presentación das instancias no proceso selectivo e por suposto no momento de desenvolvemento do mesmo no ano 2006.

6. O reclamante alegou coa súa instancia presentada co núm. de rexistro de entrada: 3714/2006, do 5 de maio, a seguinte documentación como servizos prestados:

- a). Certificación de servizos prestados expedida o 25-4-2016 polo Secretario Xeral do Concello de Sada no que se certifica a prestación de servizos como contratado laboral como mecánico en diversos períodos.
- b). Un informe emitido polo Alcalde do Concello de Sada o 3-5-2016 onde se reflicte que o interesado veu realizando as tarefas de operario de servizos dende a súa data de ingreso o 1-7-1994.

7. Consonte ás bases da convocatoria o tribunal acordou que formalmente só é idóneo o certificado emitido polo Secretario e en consecuencia analizou si os servizos prestados como mecánico poden considerarse como prestados nun posto de igual ou similar natureza ao de operario de servizos.

Ante a falta de contido funcional do certificado alegado, o tribunal acordou interpretalo en base as definicións do término mecánico, no relativo a postos de traballo, dos dicionarios oficiais das academias da lingua galega e castelán:

Dicionario Real Academia Galega: Persoa que se dedica á reparación de máquinas, en particular as de coches, barcos, avións etc.

Dicionario Real Academia Española: "(...)8. m. y f. Especialista en mecánica (II parte de la física).

9. m. y f. Persona dedicada al manejo y arreglo de las máquinas.

10. m. y f. Especialista en el automóvil o en mecánica del automóvil.

11. m. p. us. Conductor asalariado de un automóvil (...)"

Comparando as definicións anteriores coas funcións da ficha do posto de traballo de operario (100009) o tribunal concluíu que os postos de mecánico e operario non teñen igual ou similar natureza.

En base ao exposto, o tribunal acordou:

1º . Elevar á Alcaldía a acta da sesión do tribunal de data 22-6-2022 para que resolva o que estima procedente.

2º. Publicar ás aclaracións reflectidas na dita acta

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, na data da sinatura dixital

A presidenta do Tribunal



CONCELLO DE SADA

María Elisa Gómez Ferreiro

- Taboleiro
- Web
- Taboleiro Sede Electrónica

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>